

# PROGRAMA DE ACOLLIDA PARA O CURSO 2020/2021

## PROGRAMA DE ACOLLIDA PARA O CURSO 2020/2021

1. Contextualización
2. Novas normas de organización e funcionamento do centro
3. Actuacións de prevención, hixiene e protección
4. Accións formativas para a mellora da competencia dixital do alumnado necesaria para o seu desenvolvemento na modalidade de ensino presencial ou, de ser o caso, non presencial.
5. Atención aos aspectos emocionais e sociais, mediante a realización de actividades grupais de acollida e cohesión.

### 1. Contextualización

Segundo as Instrucións do 30 de xullo 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa en relación as medidas educativas que se deben adoptar no curso académico 2020-2021, o centro educativo elaborará un “Programa de Acollida”.

Seguindo as directrices marcadas pola Consellería, foi elaborado polo Equipo Directivo coas aportacións do profesorado do centro, a pesar de non ter formación en materia sanitaria nin de organización en aspectos relacionados coa prevención de riscos laborais.

Este programa formará parte das programacións didácticas e se desenvolverá nas primeiras semanas do curso, coa organización de actividades globalizadas que informen dos aspectos que se mencionarán a continuación.

Antes do comezo do curso lectivo será presentado ao Consello Escolar.

## 2. Novas normas de organización e funcionamento do centro.

Ao inicio de curso enviarase a comunidade educativa unha circular informativa cun resumo dos aspectos máis significativos con respecto a estas novas normas de organización e funcionamento do centro tendo en conta todas as medidas sanitarias e coa información que contamos actualmente da Consellería de Educación.

### USO DE MÁSCARA NO CENTRO

O uso de máscara será obrigatorio para todo o persoal e alumnado maior de 6 anos durante:

- desprazamentos polo centro
- na entrada e na saída do centro
- na biblioteca
- no comedor mentres non están comendo/bebendo.
- nas reunións de consello escolar, claustro, xuntanzas electorais, titorías...
- nas actividades de EF que non permitan manter a distancia mínima de seguridade.

No caso do alumnado de Ed. Infantil o seu uso sera obrigatorio nas entradas e saídas do colexio e nos espazos comúns (comedor, biblioteca, corredor...)

### ORGANIZACIÓN DO CENTRO

EDUCACIÓN INFANTIL	4º ED.INFANTIL	20
	5º ED.INFANTIL	21
	6ºED.INFANTIL	19
EDUCACIÓN PRIMARIA	1º ED.PRIMARIA	15
	2º ED.PRIMARIA	26
	3º ED.PRIMARIA	18

	4º ED.PRIMARIA	22
	5º ED.PRIMARIA	20
	6º ED.PRIMARIA	20
E.S.O	1º E.S.O	15
	2º E.S.O	26
	3º E.S.O	17
	4º E.S.O	14

O alumnado dos grupos de Ed. Infantil e Primaria están considerados como grupo estable de convivencia, polo que pode relacionarse entre si pero NON pode relacionarse cos resto dos grupos estables do centro.

Tendo en conta este aspecto, as entradas, saídas, patios, comedor...se levarán a cabo de forma escalonada.

**IMPORTANTE:**

**Se habilitará unha zona de espera para as familias no exterior do recinto para facilitar a distancia de seguridade e evitar as aglomeracións.**

**Só poden acceder ao recinto escolar un acompañante do alumnado de 4º Educación Infantil ou de alumnado NEAE se as titoras o consideran oportuno polo benestar do alumno/a.**

**O acompañante do alumnado de Educación Primaria e E.S.O non poden acceder ao edificio.**

Debemos concienciar ás familias de que só deberá vir un acompañante por cada alumno ou alumna, será fundamental a *puntualidade*, en canto o alumno/a entre ou saía os acompañantes deben abandonar a entrada do centro para evitar a formación de pequenos grupos de persoas.

## ENTRADA

### *Educación Infantil*

O alumnado de Educación Infantil accederá pola porta de secretaría de forma escalonada 6º, 5º e 4º infantil.

Entrada: 9:10h

Saída: 13,45h

### *Educación Primaria*

#### 1º EP e 2º EP

Entrada: 9,05h

Saída: 14h

Entrada pola porta principal –patio central- escaleiras pabellón.

#### 3º EP e 4º EP

Entrada: 8,55h

Saída: 14,05h

3º EP: Entrada pola porta principal –patio central- escaleiras pabellón.

4º EP: Entrada pola porta principal –patio central- escaleiras laterais.

#### 5º EP e 6ºEP

Entrada: 8,45h.

Saída: 14,10h

Entrada pola porta principal –patio central- escaleiras pabellón.

#### 1º, 2º E.S.O

Entrada: 8,20h

Saída luns: 13,10h

Saída xeral: 13,55h.

1º E.S.O:Entrada pola porta principal –patio escaleiras laterias.

2º E.S.O: Entrada pola porta principal –patio central- escaleiras pabellón.

#### 3º, 4º E.S.O

Entrada: 8,15h

Saída luns: 13,05h

Saída xeral: 13,50h

Entrada pola porta principal- escaleiras laterias.

## SAÍDA

- As familias de 4º EDUCACIÓN INFANTIL poden acceder ao recinto só nos espazos sinalizados para á familia.
- As de EDUCACIÓN PRIMARIA non poderán acceder o colexio.
- Alumnado de **EDUCACIÓN INFANTIL sairá ás 13:45 horas.**
- Alumnado de **EDUCACIÓN PRIMARIA sairá entre ás 14:00h e 14:10 h.**
- O profesorado acompañará o alumnado ata o portal do patio.
- Non sairá ningún grupo ata que acabe de saír o grupo anterior.
- O grupo que este no ximnasio sairá en último lugar acompañado polo mestre/a de EF.
- Todo o alumnado debe limpar as mans con hidroxel antes de saír do colexio.
- 

### Inicio do curso escolar: 10 DE SETEMBRO.

O primeiro día de clase estableceráse un horario de entrada para cada grupo, coa finalidade de evitar aglomeracións.

O profesorado especialista de Educación Infantil permitirá a entrada ao recinto escolar dun acompañante coa máscara sempre que así o consideren por motivos afecto-emocionais no espazo sinalizado de "soportal" e sen acceder a aula.

O longo da mañá deste día e durante as xornadas de sensibilización ademais do obxectivo anual o profesorado adicará tempo a ensaiar co alumnado as entradas, saídas, zonas de recreo, hábitos saudables de hixiene de mans, á distancia de seguridade, normas de utilización dos diferentes espazos comúns...

Este curso, o alumnado de Educación Primaria e Ed. Infantil NON poderá deixar os libros do 2º-3º trimestre e o material na clase, cada día deberán traer os libros e material que precise. Ademais,.

### Normas para o uso das aulas

- Cando o alumno faga uso dun aula ou espazo deberá desinfectar as mans á entrada e saída da mesma.
- Cada alumno terá o seu material diferenciado na súa mesa nun estoxo. Este material poderá ser deixado no seu caixón do pupitr.
- Para o alumnado de Primaria, os libros e cadernos NON quedarán na aula, cada día o alumnado traerá o material necesario para o traballo na aula.
- Para o alumnado de Infantil o material do 2º e 3º trimestre quedará na casa.

- O alumnado non poderá deixar no comedor o material de hixiene dental, senón que traerá cada día na súa mochila o seo estoxo co nome.
- Non se compartirá ningún material de aula sen previa desinfección do mesmo.
- Nos grupos que se faga uso do encerado, o xiz/rotulador debe ser desinfectado antes e despois do seu uso.
- Nas aulas de Ed. Infantil, Primaria e E.S.O nas que imparten docencia varios mestres/as os docents desinfectarán a mesa do professor e o equipo informático antes e despois do seu uso, e procurará utilizar o seu propio material (bolígrafo, xiz, rotulador...).
- As ventás, persianas, portas...de cada aula serán manipuladas, na medida do posible, exclusivamente polo professor/a tutor/a.
- O profesorado deberá realizar a hixiene de mans na entrada e saída da sala e desinfección da cadeira e material común da mesma así como como manter a distancia de seguridade.
- O alumnado deberán traer un sobre de papel ou bolsa plástica con peche hermético co nome do alumno/a, para deixar a máscara se nalgún momento deben prescindir dela como nos espazos do comedor ou ximnasio

## ANPA

No caso das xuntanzas por parte do centro educativo coa ANPA, convocatoria de Claustros, CCP, Consellos Escolares...realizaráanse por videoconferencia (Moodle-ementia) e no caso de realizarse no centro se tomarán ás medidas de hixiene e distancia social recomendadas.

## RECREOS

Os tempos de recreos distribúense en catro quendas o longo da mañá e dividiránse os patios en diferentes espazos para cada un dos grupos estables de convivencia.

As merendas realizaránse de xeito individual en espazos diferenciados. No caso de ser posible no patio exterior para garantir o distanciamento sempre que o tempo o permita.

Non haberá material nin xoguetes nos recreos.

Do uso da zona de xogos infantís so fará uso un grupo estable de convivencia o día, polo que os espazos serán rotatorios.

## ATENCIÓN SECRETARÍA/DIRECCIÓN

A atención de secretaría e dirección será con cita previa que poderase solicitar a través do teléfono do centro (986 32 0143), a través da plataforma de comunicación esemtia

ou no correo electrónico ([cpr.virgen.milagrosa.bueu@edu.xunta.es](mailto:cpr.virgen.milagrosa.bueu@edu.xunta.es)) facilitando as xestións administrativas.

## TITORÍAS.

As titorías e comunicación por outros motivos coas familias priorizarase a comunicación por videochamada, na plataforma esemtia ou telefónica, deixando constancia da mesma nos pertinentes documentos .

En casos excepcionais á titoría poder ser presencial sempre con cita previa e coas medidas preventivas individuais e colectivas co obxectivo de protexer e previr no máximo posible o risco de contaxio.

## ORIENTACIÓN

Priorizarase a comunicación por videochamada, plataforma esemtia ou telefónica, deixando constancia da mesma nos pertinentes documentos.

Só se atendera presencialmente en casos excepcionais e sempre con cita previa.

## SERVIZOS COMPLEMENTARIOS

Os servizos de plan madrugada, comedor e actividades extraescolares levaranse a cabo atendendo as medidas preventivas contempladas no protocolo Covid e seguindo as recomendación das autoridades sanitarias autonómicas e estatais. Estas medidas iranse actualizando cando sexa necesario, se os cambios na situación epidemiolóxica así o requiren.

## NORMAS PARA A REALIZACIÓN DE EVENTOS

O longo deste curso non se realizarán actividades e celebracións a nivel de centro, salvo mellora enorme da situación, polo que non se celebrará o Festival de Nadal, Samaín ou Magosto.

Con respecto as saídas culturais, poderán levarse a cabo respectando a normativa vixente a nivel de transporte e aforo de museos e teatros no momento de realizalas. Polo que aconséllase o equipo docente que se realicen dentro da propia localidade e ao aire libre, sendo un momento favorable para explotar os recursos que ofrece a noso pobo.

## 3. Actuacions de prevención, hixiene e protección.

### Prevención

O equipo Covid sera o que actuará como referencia para o resto do profesorado,



personal, alumnado e familias en relación as funcións recollidas no Plan de Adaptación á situación Covid 19 no curso 2020-2021.

A comunidade educativa debe adquirir o compromiso da realización da autoenquisa clínica diaria tanto por parte do profesorado como por parte do alumnado (as familias do alumnado deberán realizalo no seu propio fogar antes de asistir ao colexio e firmarán unha ).

Non asistirán ao centro aqueles estudantes, docentes e outros profesionais que teñan síntomas compatibles con COVID-19, así como aqueles que se atopen en illamento por diagnóstico de COVID-19, ou en período de corentena domiciliaria por ter contacto estreito con algunha persoa con síntomas ou diagnosticada de COVID-19.

- A xestión, planificación e organización da limpeza está contemplada no Plan de Adaptación Covid-19.
- A xestión de abrochos está recollida no Plan de Adaptación.
- Determinación do espazo de aillamento: recollido no Plan de Adaptación.
- O uso de máscara é obrigatorio para todos os maiores de 6 anos.
- Nos corredores estableceráanse sentidos de entrada e saída sinalizados en diferentes cores a ambas marxes do corredor
- Antes de acceder as aulas ou a algunha das súas dependencias o alumnado limparase as máns con xel hidroalcohólico mantendo a distancia de seguridade.

Durante os primeiros días do curso priorizarase o traballo sobre a adquisición de hábitos básicos de prevención, hixiene e protección, así como o coñecemento das novas normas de organización e funcionamento do centro:

- Evitar tocar os ollos, o nariz e a boca.
- Hixiene de mans: lavado frecuente e meticuloso das mans con auga e xabón, durante polo menos 40 segundos, ou con xel hidroalcohólico, durante polo menos 20 segundos, no seu defecto. Cando as mans estean visiblemente sucias debe utilizarse auga e xabón.
- Recordar o emprego axeitado das máscaras: cómo poñelas e quitalas, onde se garden no caso de utilizar espazos como o comedor, momentos da merenda...
- Durante os primeiros días, ensaio das entradas e saídas e valoración de aspectos a mellorar.
- Información do uso correcto da máscara e de como poñela e sacala adecuadamente.
- Realizar actividades para identificar a distancia de seguridade axeitada (canto é 1 metro e medio?).

Recordar a necesidade de extremar a orde no posto de traballo para facilitar as tarefas de limpeza.

### **Ventilación das aulas entre 5/10 minutos nos cambios de clase e durante o tempo de patio.**

Nos desprazamentos e uso da aula de informática, laboratorio, biblioteca..establecer a rutina de aula e limpeza dos espazos de traballo individual por parte do alumnado ao rematar a actividade tendo en conta que este alumnado ten suficiente autonomía para realizar dita actividade.

## **4. Accions formativas para a mellora da competencia dixital do alumnado necesaria para o seu desenvolvemento na modalidade de ensino presencial ou, de ser o caso, non presencial.**

O equipo docente participará nas actividades que a Consellería estime oportunas así como na formación sobre o uso de ferramentas que faciliten a xestión educativa semipresencial ou non presencial.

Ao inicio de curso dedicaranse en todos os niveis varias sesións co alumnado para a familiarización na aula virtual, tanto no acceso como no funcionamento da plataforma Moodle esemtia e elaboraranse un pequeno manual sobre o funcionamento da nosa Aula Virtual.

Propónse tamén a todo o profesorado (incluír no Plan TIC anual do centro) o emprego da Aula Virtual no ensino presencial por lo menos unha vez quincenalmente con tarefas diversas para unha correcta preparación ante un posible ensino a distancia.

Para o profesorado de nova incorporación haberá nos primeiros días de setembro unha xornada informativa sobre o funcionamento da aula virtual, así como das súas posibles utilizacións, tamén se establecerán pautas comúns cara o alumnado para a utilización deste espazo: como identificar os arquivos a enviar, prazos de entrega, medios válidos de arquivos, etcétera.

A realización destas xornadas correrán a cargo do coordinador TIC do centro.

Para o resto da comunidade educativa estarán accesibles na nosa web os vídeo titoriais sobre a aula virtual elaborados o curso pasado.

Para rematar este protocolo ao inicio de setembro deberase proceder a actualización da base de datos realizada o curso pasado sobre os medios tecnolóxicos existentes no fogar para detectar problemas e poder darlle solución ante un posible ensino a distancia.

## Accións para os grupos Edixgal (5ª e 6ª de Educación Primaria, 1ºe 2º E.S.O)

O alumnado de 6ª como xa coñecen a plataforma e funcionamento, farase un pequeno repaso con contidos traballados. No caso de 5ª, asignaranse as credenciais o antes posible e empezar a traballar cos PCs cargando diferentes contidos, realizando tarefas coas diferentes modalidades que ofrece a plataforma, etc.

Concienciar o alumnado do uso axeitado dos PCs e a súa limpeza e coidado.

## 5.Atención aos aspectos emocionais e sociais, mediante a realización de actividades grupais de acollida e cohesión.

Durante os dous primeiros días serán os titores/as de cada grupo estable de convivencia os encargados das Xornadas de Sensibilización baixo o lema **“Súbete a la vida: ENTRÉGATE”**.

Así mesmo o longo do curso continuaremos desenvolvendo os proxectos emocionais elaborados polos docentes o longo do curso anterior e adaptaremos as actividades de aprendizaxe cooperativa a nova situación de aula.

Este programa será difundido entre a comunidade educativa a través dos canles habituales.

Por outra parte, tendo en conta a circunstancia sanitaria actual, reforzase a atención ao benestar emocional de todo o alumnado con dinámicas e actividades de acollida e cohesión poñendo especial atención nos alumnos/as de:

- 4º infantil: que se escolarizan por 1ª vez
- 1º primaria que cambian de etapa e profesorado.
- 3º e 5º de primaria: por ser alumnado que cambia de nivel. No caso de 3º Terán una nova profesora (sustitución de baixa por maternidade) e no caso de 5º adaptación a e-dixgal.
- Todo o alumnado novo que se incorpora ao centro en calquera das etapas.